

Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta de sesión ordinaria da Comisión
de Calidade
18 de febreiro de 2016**

Asistentes:**Presidencia**

Luis Alonso Bacigalupe

Secretaría

Susana Rodríguez Barcia

Representantes Área de CalidadeXosé María Gómez Clemente
(Director)Raquel Gandón Chapela
(Técnica)**Enlace de igualdade**María del Carmen Cabeza
Pereiro**Membros da CC**

Inmaculada C. Báez Montero

Xosé Henrique Costas

González

Lourdes Lorenzo García

Ana Luna Alonso

José Montero Reguera

Ana María Pereira Rodríguez

Elena Sánchez Trigo

Elena Celsa Seoane Posse

Eduardo Varela Bravo

Joan Miquel Vergés

Nuria Yáñez Bouza

Desculpan

Carmen Becerra Suárez

Miguel Cuevas Alonso

Xoan Montero Domínguez

Antonio Rifón Sánchez

Xosé Soto Andión

Non asisten

Xosé Bieito Arias Freixedo

Francisco José Ledo Lemos

Acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 18 de febreiro de 2016 na Sala de Xuntas da Facultade

Ábrese a sesión ás 16:07h

ORDE DO DÍA**1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Comisión de Calidade celebrada o 3 de febreiro de 2016.**

A Acta da reunión ordinaria da CC do 3 de febreiro de 2016 apróbbase por asentimento.

2. Informe da Coordinadora de Calidade.

A Coordinadora de Calidade comenta que a a visita da ACSUG con motivo da acreditación dos títulos Grao en Tradución e Interpretación, Grao en Linguas Estranxeiras e Máster en Tradución Multimedia terá lugar os días 7 e 8 de marzo de 2016.

Infórmase sobre o éxito na convocatoria de “Elección de representantes na Xunta de Facultade” no proceso electoral de 2016. Grazas á labor de coordinadoras e coordinadores de grao, así como á iniciativa individual de docentes e ao respaldo do equipo directivo da FFT conseguíronse 31 candidaturas do estudantado, proclamadas definitivamente o día 17 de febreiro de 2016 pola Xunta Electoral do centro. Esta participación implica a presenza do estudantado nas comisións do centro, o cal reflicte o interese e participación dun grupo de interese fundamental no ámbito universitario. Desde a coordinación do Grao en Tradución e Interpretación e do Grao en Linguas Estranxeiras propónse a iniciativa de manter unha reunión con este estudantado para informalo en relación coa súa participación nas distintas comisións e sobre a importancia da súa presenza nos órganos coelxiados.

3. Preparación da visita da ACSUG con motivo da acreditación dos títulos Grao en Tradución e Interpretación, Grao en Linguas Estranxeiras e Máster en Tradución Multimedia.

O Director da Área de Calidade, Xosé María Gómez Clemente, e unha Técnica de Calidade, Raquel Gandón Chapela, proporcionan información sobre o desenvolvemento do proceso de acreditación dos títulos Grao en Tradución e Interpretación, Grao en Linguas Estranxeiras e Máster en Tradución Multimedia. Fundamentalmente, céntranse na visita da ACSUG, aínda que insisten en que a información completa só poderá ser proporcionada unha vez que se dispoña da “Axenda da visita”.

Un dos temas principais é informar ao equipo directivo, ás coordinacións dos títulos e aos membros da Comisión de Calidade dalgúns dos puntos relevantes para o comité de avaliación dos títulos. Se comenta, por exemplo, a importancia da análise que ha de facerse das taxas de rendemento, avaliación e éxito. Tamén indican que na axenda da visita, que ten que chegar cun mínimo de 10 días de antelación, vanse incluír informacións concretas sobre as materias que serán analizadas (incluídas as súas páxinas na plataforma TEMA), así coma os TFG e TFM elixidos pola comisión avaliadora.

Desde a Área de Calidade apórtase información tamén sobre a composición mínima e máxima dos grupos de interese cos que a comisión avaliadora da ACSUG solicitará audiencias, é dicir, persoal docente e investigador (PDI), estudantado, persoal de apoio (PAS), egresados/as, e empregadores/as. Sinálase asimesmo a importancia de anunciar a audiencia pública aberta a todas intervencións non previamente programadas por parte de calquera membro destes grupos de interese.

Finalmente, infórmase de que outros puntos de especial relevancia para a comisión avaliadora poden ser a relación entre as memorias dos títulos que se van acreditar con respecto as guías docentes ou a accesibilidade da información pública a través da web da FFT.

4. Rolda aberta de intervencións.


Eduardo Varela intervén para suxerir que a xestión das materias en canto á relación co alumnado a través de Faitic podería mellorar se os correos do estudantado que se realizan como resposta a correos enviados desde a plataforma virtual chegasen á referida plataforma en lugar de ao correo da persoa responsable da materia. Dese xeito, a comunicación co alumnado estaría recollida nas diferentes materias de TEMA en lugar de dispersa na caixa de entrada dos correos electrónicos do profesorado.

O Director da Área de Calidade intervén finalmente para comentar a súa participación na visita da ACSUG en canto a estar presente nalgún dos momentos da visita, ben sexa na recepción da Comisión ou na reunión final da Comisión co equipo directivo e a comisión de calidade.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18: 10 h.


Vigo, 18 de febreiro de 2016

Visto e prace do Decano



Luis Alonso Bacigalupe


A Secretaria



Susana Rodríguez Barcia

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada,
sen alegacións, na reunión ordinaria da Comisión de Calidade
celebrada o día 29 de marzo de 2016

A Vicedecana de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución



Susana Rodríguez Barcia